



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3016

Feitos

Con data do 12 de xullo do 2025 publícase no taboleiro electrónico da Universidade da Coruña (UDC) a Resolución reitoral pola que se fai pública a composición dunha nova comisión de selección que avaliará os méritos das persoas aspirantes á praza 25/3016, de profesor/a axudante doutor/a na Área de coñecemento de Enxeñaría Telemática do Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información.

O vogal 1º, Isaías Martínez Yelmo, manifesta que está a desfrutar dun permiso por razóns de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, polo que non pode actuar.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que o nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra unha causa xustificada que impedisese a súa actuación. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución do mencionado vogal.

Por outra banda, o artigo 6.3 da citada normativa establece que as comisións de selección estarán compostas cando menos por tres membros titulares e outros tres suplentes alleos á UDC, elixidos por sorteo público a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada polo departamento.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón a seguinte substitución:

Vogal 1º titular: substitúese por don Álvaro Suárez Sarmiento, catedrático de universidade da Universidade das Palmas de Gran Canaria.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández